

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 19 de xaneiro de 2022

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 19 de xaneiro de 2022**, ás 18.00 horas, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2022/3Y/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 9 de decembro de 2021.

2. 2022/598R PRESIDENCIA

Ratificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Ourense en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para o período 2022-2024.

3. MOCIÓNS DE URXENCIA.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

